# Actividades para proxectos | Bloque 3: Interacción. FORMACIÓN PROFESIONAL

**FP Grao Medio e Grao Superior. 16 a 20+ anos**

# Comp-eT-entes

| | |
|---|---|
| | Formación Profesional<br>16 a 20+ anos |
| | Nivel<br>Medio |
| | Temporalización<br>10 sesións |
| | Socios<br>4 socios |

## DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Esta actividade realízase para iniciar contacto cos/coas alumnos/as doutros centros escolares. Tras unha breve presentación persoal, créanse equipos internacionais, que

deben poñerse de acordo, interactuando, e intentar vender un obxecto que non teña ningunha utilidade e que ten relación co seu campo profesional.

## OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

É unha actividade óptima para reflexionar verbo dos perfís competenciais que demandan as empresas e os perfís dos estudantes que acaban de egresar dos centros educativos. Por iso, os obxectivos son:

1. Establecer perfís competenciais e reflexionar sobre os que demandan as empresas.
2. Reflexionar sobre as competencias do mercado laboral no século XXI.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

# Fase 1: Preparación

**Paso 1**: **Asignación de roles aos equipos internacionais**

O profesorado comparte un documento de Google Docs ou similar no que cada docente inclúe a lista dos seus estudantes. Asígnalle a cada alumno un número do 1 ao 4 de tal maneira que o seu grupo quedará dividido en 4 subgrupos e cada estudante ten asignado un número.

**Titorial 1**: Creación de Documentos en Google Docs ou similar.

Posteriormente, cada docente escribe o nome dos seus estudantes que teñen un número impar na táboa de rol denominada SOLICITANTES DE EMPREGO. Na táboa de rol EMPREGADORES incorpora os nomes do seu alumnado cun número par.

Pódese acceder ao documento a través desta ligazón:

https://docs.google.com/document/d/1xrqC4x97HvOUdtuRh9j5Vj7jjJuiKtlio8OOiw_An74/edit?usp=sharing

e amósanse as táboas con identificación xenérica de estudante, número de grupo e letra (nome e apelidos)

Nome do proxecto eTwinning: Feira de emprego en eTwinning (nome ficticio)

| CENTRO EDUCATIVO 1 (16 estudiantes) | | | |
|---|---|---|---|
| Asignación de números al alumnado (Nombre y apellidos) | | | |
| **1** | **2** | **3** | **4** |
| Estudiante 1a<br>Estudiante 1b<br>Estudiante 1c<br>Estudiante 1d | Estudiante 2a<br>Estudiante 2b<br>Estudiante 2c<br>Estudiante 2d | Estudiante 3a<br>Estudiante 3b<br>Estudiante 3c<br>Estudiante 3d | Estudiante 4a<br>Estudiante 4b<br>Estudiante 4c<br>Estudiante 4d |

| CENTRO EDUCATIVO 2 (16 estudiantes) | | | |
|---|---|---|---|
| Asignación de números al alumnado (Nombre y apellidos) | | | |
| **1** | **2** | **3** | **4** |
| Estudiante 1a | Estudiante 2a | Estudiante 3a | Estudiante 4a |
| Estudiante 1b | Estudiante 2b | Estudiante 3b | Estudiante 4b |
| Estudiante 1c | Estudiante 2c | Estudiante 3c | Estudiante 4c |
| Estudiante 1d | Estudiante 2d | Estudiante 3d | Estudiante 4d |

| CENTRO EDUCATIVO 3 (16 estudiantes) | | | |
|---|---|---|---|
| Asignación de números al alumnado (Nombre y apellidos) | | | |
| **1** | **2** | **3** | **4** |
| Estudiante 1a | Estudiante 2a | Estudiante 3a | Estudiante 4a |
| Estudiante 1b | Estudiante 2b | Estudiante 3b | Estudiante 4b |
| Estudiante 1c | Estudiante 2c | Estudiante 3c | Estudiante 4c |
| Estudiante 1d | Estudiante 2d | Estudiante 3d | Estudiante 4d |

| CENTRO EDUCATIVO 4 (16 estudiantes) | | | |
|---|---|---|---|
| Asignación de números al alumnado (Nombre y apellidos) | | | |
| **1** | **2** | **3** | **4** |
| Estudiante 1a | Estudiante 2a | Estudiante 3a | Estudiante 4a |
| Estudiante 1b | Estudiante 2b | Estudiante 3b | Estudiante 4b |
| Estudiante 1c | Estudiante 2c | Estudiante 3c | Estudiante 4c |
| Estudiante 1d | Estudiante 2d | Estudiante 3d | Estudiante 4d |

**Paso 2: Preparación do TwinSpace**

Os docentes crean unha páxina de actividades no TwinSpace co nome "**Equipos e roles do alumnado**" e incrustan o documento compartido de Google Docs coa distribución dos SOLICITANTES DE EMPREGO e os EMPREGADORES. Inclúen tamén a ligazón ao documento.



**Fase 2: Descrición de perfís profesionais**

**Paso 3: Competencias vinculadas á formación académica**

En cada país regúlase por normativa o perfil profesional que se adquire nos títulos profesionais. É a documentación base para coñecer as características dos futuros traballadores de formación profesional. Nesta actividade detállase o exemplo de España. Noutros países atópase esta información nas páxinas das súas administracións educativas.

Para recompilar de maneira colaborativa as competencias profesionais, dixitais e lingüísticas dalgún título académico de formación profesional recórrese á páxina web do Ministerio de Educación e Formación Profesional http://www.mecd.gob.es/portada-mecd/ onde están recollidos os títulos e os currículos coas súas competencias vinculadas no apartado de Formación Profesional http://todofp.es/inicio.html




Os títulos e os currículos recóllense na páxina: http://todofp.es/que-como-y-donde-estudiar/que-estudiar/nuevos-titulos/curriculos-ministerio-educacion.html

Poden ser consultados tanto os currículos do Ministerio coma os das Comunidades Autónomas.




Un exemplo pode ser o título de Técnico Superior en Comercio Internacional cuxo título se describe no BOE (Boletín Oficial do Estado) .https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2011-19439

Para que os estudantes se familiaricen coa documentación oficial dos títulos profesionais e coñezan o perfil oficial que establecen estes títulos, propónselles a creación de produtos dixitais nos que se recollan competencias que se adquiren nestas titulacións.

**Fase 3: Traballo colaborativo en equipos segundo o rol asignado**

Créase unha páxina de actividades co nome de "**Busca de emprego**" onde se aloxarán os materiais creados polos equipos, tanto os que teñen o rol de solicitante de emprego coma os que teñen o rol de empregador.

- Solicitantes de emprego:
  - Traballan as "Competencias profesionais, dixitais e lingüísticas"
  - Produto dixital: Info-Currículo Vitae (Info-CV) en forma de presentación con competencias profesionais, dixitais e sociais para demandar un emprego
- Empregadores:
  - Traballan as "Competencias persoais e sociais"
  - Produto dixital: Nube de palabras coas habilidades sociais necesarias para o mundo laboral no século XXI

A páxina creada ten a aparencia que amosa a figura:




**Paso 4: Presentación do perfil profesional**

Os equipos que simulan buscar un emprego van crear presentacións dixitais onde se amosan algunhas competencias profesionais, dixitais e lingüísticas que adquiren ao cursar o seu ciclo formativo e que lles resultan útiles á hora de demandar un emprego en contextos laborais futuros.

Proponse a utilización dunha ferramenta para presentacións como, por exemplo, Piktochart ou similar. Se se creou unha conta de correo común para o proxecto, gardaranse nun mesmo espazo todos os produtos dixitais dos equipos internacionais. https://piktochart.com/

*Esta presentación dixital competencial poderíase utilizar como Info-Currículo Vitae abreviado para enviárllelo por correo electrónico ás empresas que buscan empregados*

As presentacións dixitais inclúense na páxina de actividades creada anteriormente de nome **"Busca de emprego**".

Titorial-2: Infografías con Piktochart. Videotitorial



Para facilitar a visualización da presentación nesta ferramenta dixital, engádese a ligazón e amósase en modo público:

Ligazón á presentación dixital con Piktochart: [https://create.piktochart.com/output/31401193-competencias-profesionales-digitales-y-l2](https://create.piktochart.com/output/31401193-competencias-profesionales-digitales-y-l2)

*Para acceder ao xeito presentación abonda con pulsar na mensaxe "Show presentación" que se atopa na parte superior esquerda da pantalla debaixo da icona da ferramenta TIC, tal e como se amosa nesta figura:*




No xeito de presentación poden compartirse cos estudantes do resto dos equipos os diferentes perfís profesionais que deseñaron.

*Pode suxerirse por parte do profesorado que cada equipo estableza un perfil de acordo coas competencias dun ou de máis módulos profesionais ou tamén pode suxerirse que se deseñen perfís tendo en conta postos de traballo concretos independentemente das competencias dos módulos profesionais.*

Nesta figura obsérvase o aspecto da ferramenta dixital en xeito presentación.



Amósanse nestas dúas figuras unhas diapositivas concretas da presentación.

Figura: Presentación do perfil dun solicitante de emprego que estuda o ciclo superior de Comercio Internacional




Figura : Expectativas laborais do demandante de emprego




**Paso 5: Perfil persoal e social**

Os equipos que teñen asignado o rol de empregadores, van traballar as competencias persoais e sociais, vinculadas ás actitudes e habilidades que han de ter o seu persoal laboral.

Créanse nubes colaborativas de palabras nas que se inclúen aquelas que teñan relación con estas competencias tamén chamadas habilidades sociais.

Pódese empregar unha ferramenta sinxela tipo WordArt ou similar, na que non fai falta rexistrarse e pódese editar e gardar de maneira doada. A ligazón é: https://wordart.com/

Titorial-3: Como facer una nube de palabras con WordArt

Unha vez creadas as nubes de palabras, sóbense ao espazo de materiais do TwinSpace e achéganse á subpáxina da páxina “Busca de emprego”

Figura: Imaxe das habilidades sociais na ferramenta WordArt




Figura: Pantalla de TwinSpace coa nube de habilidades sociais creada na ferramenta WordArt



**Fase 4: Taboleiro de emprego na nube**

**Paso 6: Oferta dixital de emprego**

Os empregadores lanzan ofertas de emprego ao mercado virtual en forma de presentacións e os demandantes de emprego preparan o seu currículo vitae en forma de infografía ou de presentación para amosar visualmente cal é o seu perfil y por que deberían contratalo.

Pódese crear un vídeo presentación no que se simula unha oferta de emprego dunha empresa. Suxírese empregar ferramentas dixitais como Genially, cuxa ligazón é [https://www.genial.ly/es](https://www.genial.ly/es) .

Titorial: [https://www.youtube.com/watch?v=6gfp4zxjtf0](https://www.youtube.com/watch?v=6gfp4zxjtf0)

Selecciónase o xeito de presentación público e pódese acceder a través da ligazón:

[https://view.genial.ly/5b4a61ead5de275f9f0292b9/oferta-de-empleo](https://view.genial.ly/5b4a61ead5de275f9f0292b9/oferta-de-empleo)

O aspecto do vídeo de oferta de emprego amósase nesta figura:




**Paso 7: Oferta de emprego no TwinSpace**

Créase unha páxina de actividades no TwinSpace co nome "**Oferta de emprego**" e inclúese a ligazón ao vídeo oferta dixital de emprego, como se ve na figura.

Páxina co vídeo oferta dixital de emprego:




**Paso 8: Espazo virtual para ofertas e demandas laborais**

Créase un taboleiro de emprego virtual no que se inclúen tanto as ligazóns ás ofertas coma a información das persoas que buscan emprego.

Este taboleiro pode facerse coa ferramenta Linoit, e a ligazón é: http://en.linoit.com/

Pódese acceder ao panel de emprego a través desta ligazón:

http://linoit.com/users/docentefp/canvases/Tabl%C3%B3n%20de%20empleo%20en%20la%20nube

A aparencia do panel amósase nesta figura:




Os docentes incrustan o panel na páxina do TwinSpace e a súa aparencia é esta:



**Paso 9: Conversas de traballo na nube**

Para facer máis real esta simulación pódese concertar unha videoconferencia entre un equipo solicitante de emprego e un que oferta un posto de traballo.

Na videoconferencia compártese a oferta e a demanda laboral (compartindo a pantalla) e simúlase unha selección de persoal idóneo para incorporarse ao posto de traballo na empresa.

Información sobre a realización de videoconferencias inclúese nestes titoriais

**Titoriais**: [Como  crear un evento online (videoconferencia) no TS]

En común reflexiónase sobre os puntos fortes e as súas áreas de mellora competencial para o éxito laboral.

Pódese realizar unha chuvia de ideas cunha ferramenta dixital para facer unha lista das habilidades sociais máis demandadas no mercado laboral do século XXI. Unha ferramenta sinxela pode ser Answergarden ou similar de ligazón: https://answergarden.ch/

Para abrir unha actividade de chuvia de ideas abonda con premer na icona do signo de suma que se atopa na parte superior dereita tal e como se amosa na figura.




A ligazón a unha actividade creada é https://answergarden.ch/726576

Podes incluír as habilidades que creas que son as máis demandadas no mercado laboral do século XXI. Aquí tes unhas suxestións por se che serven de inspiración:

Comunicación, Escoita activa, Capacidade de escritura, Expresión correcta, Organización, Planificación, Execución efectiva de proxectos, Execución efectiva de tarefas de traballo, Traballo en equipo, Colaboración, Creatividade, Eficiencia,  Efectividade, Afectividade, Bo carácter, Puntualidade, Pensamento

crítico, Imaxinación, Razoamento, Experiencia, Investigación, Comprender e resolver problemas, Habilidades sociais, Automotivación, Actitude positiva sempre, Beneficiosa para o equipo, Enxeño, Innovación, Atopar solucións, Comunicación interpersoal, Intercambiar ideas, Xestionar conflitos, Comunicar os conflitos, Comunicarse con confianza, Comunicarse profesionalmente con clientes, Comunicación non verbal, Coidado da imaxe, Adaptabilidade, Adaptarse aos cambios, Capacidade de organizar a carga de traballo, Adaptarse aos novos contornos, Ser flexible, Atreverse a saír das zonas de confort, Personalidade amable, Ser respectuoso, Ser optimista, Empatía, Saber escoitar, Saber aconsellar, Resolver problemas de forma rápida, Intelixencia emocional, Identificar e manexar as emocións, Habilidade de investigación, Atopar respostas a problemas comúns,

O aspecto da chuvia de ideas é o da figura:




Publicar os resultados no TwinSpace nunha páxina de nome: **Lista de Habilidades Sociais**




Tamén pode resultar interesante facer desaparecer na videoconferencia o anuncio do panel que se subiu en forma de "post" como rexistro de que esa oferta foi cuberta.

## PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Páxinas do proxecto no TwinSpace
- Presentación dixital tipo Infografías de Currículo Vitae (Info-CV)
- Nubes de palabras con habilidades sociais
- Presentación dixital tipo vídeo cunha oferta de emprego
- Paneis dixitais tipo taboleiro ou cortiza
- Videoconferencia
- Lista de habilidades sociais en chuvia de ideas

## FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

Presentacións con Piktochart https://piktochart.com/

Imaxes de Pixabay https://pixabay.com/es/

Nubes de palabras con WordArt https://wordart.com/

Presentacións con Genially https://www.genial.ly/es

Panel virtual con Linoit http://en.linoit.com/

Chuvia de ideas: Ferramentas para suxerir e votar Answergarden https://answergarden.ch/

---

BY SA

Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado | Ministerio de Educación e Formación Profesional

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid  Tel.: 913 778 377

Aviso Legal

Erasmus+

SchoolEducationGateway

intef INSTITUTO NACIONAL DE TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO